

BASES DOS SORTEOS “DÍA DA NAI”- 2022
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE A ESTRADA

A Asociación de Comerciantes da Estrada (en diante ACOE), realizará uns sorteos dirixidos a tódolos comercios asociados a ACOE e destes a os seus clientes.

PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN

Levarase a cabo no Concello da Estrada.

SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO

O obxectivo é promocionar e provocar a compra nos comercios asociados do noso concello e aumentar e mellorar o grado de fidelización.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Para participar na campaña o comercio ten que estar asociado a ACOE.

O cliente só ten que mercar e, a partir de 5€ de compra, entregaráselle unha rifa numerada.

CUARTA.- MECÁNICA DE PARTICIPACION

O comerciante fará a entrega das rifas por cada compra, quedándose coas matrices das mesmas que terán que entregar na oficina de ACOE o luns día 02 de maio para poder proceder cos sorteos. Sortearanse 1.000€ en vales de compra repartidos en vales de 100€ para consumir no comercio asociado e estudos fotográficos.

Os números agraciados publicaranse nas nosas redes sociais, na nosa páxina web, en prensa e radio e tamén aconsellaremos aos asociados que os publiquen nas súas redes sociais para maior difusión. Calquera cliente ou comerciante poderá contactar con ACOE nos medios habituais para consultar os números premiados.

O cliente coa rifa premiada poderá reclamar o premio ata unha semana despois do sorteo.

QUINTA.- DÍAS DOS SORTEOS E PREMIOS

Os sorteos realizaranse o luns día 02 de maio primeira hora da tarde cos seguintes premios:

- 1. 10 vales de compra de 100€ cada un**
- 2. 10 estudos fotográficos con 3 fotos de agasallo**

Os premios que non se entreguen sortearanse quedará para próximas campañas.

SEXTA.- DURACIÓN DA CAMPAÑA

A duración da campaña será dende o luns día 25 de abril ata o domingo 01 de maio do 2022.

Os comercios poderán repartir rifas ata o domingo 02 de maio pola tarde, xa que ao día seguinte (*luns 02*) terán que entregalos na oficina de ACOE antes do sorteo.

SÉPTIMA.- CESIÓN DA IMAXE

Ao participar enténdese que acepta a difusión da súa imaxe e a cesión dos seus datos persoais.

OCTAVA.- DEREITOS

A Acoe, reservase o dereito a poder modificar algunha das bases sen previo aviso.

